

## ■ ACTOS SOCIAIS E CULTURAIS

Diversos actos culturais, institucionais e lúdicos acompañaron a celebración do *Congreso 'I+C: Investigar a Comunicación'*, un programa variado que permitiu aos interesados/as compaginar o encontro científico con actividades culturais.

O primeiro día de Congreso, o mércores 30 de Xaneiro, dous eventos centraron a axenda de lecer:

Ás 20.00 horas, no Salón Nobre do Pazo de Raxoi, tivo lugar unha recepción ofrecida polo alcalde, Xosé A. Sánchez Bugallo, á que asistiron ponentes e inscritos ao Congreso.

Seguidamente, ás 21.30 horas, o Teatro Principal foi o escenario dun concerto de Mercés Peón (ofrecido pola Consellería de Cultura e Deporte), ao que todos os asistentes inscritos estaban invitados e ao que tamén asistiron a titular de dito departamento, Ánxela Bugallo, a presidenta da comisión organizadora, Margarita Ledo, e o decano da Facultade de Ciencias da Comunicación, Miguel Túdez, quen pronunciou unhas palabras a modo de bienvenida.

Mercedes Peón e o seu grupo de músicos exhibiron a súa habitual forza escénica e toda a enerxía do seu estilo radicalmente persoal. A artista alternou composicións propias con versións de temas tradicionais galegos. A singular personalidade de Mercedes Peón conectou á perfección co auditorio durante máis dunha hora ininterrompida de concerto.

Ao día seguinte, os paiaos e os cómicos da compañía 'Pista Catro' encargáronse de amenizar a comida, asegurando as risas dos comensais. A súa actuación e interacción co público logrou unha enorme complicidade dos espectadores. Ese mesmo día, ás 21.00 horas, a prestixiosa *Wiener Akademie*, dirixida por Martin Haselbock, interpretou un concerto no Auditorio de Galicia



-outra das actividades da axenda de lecer- que conseguiu un gran éxito de público coas súas interpretacións do mellor do clasicismo e do primeiro romanticismo.

Para o venres día 1 de febreiro programouse unha excursión turística por Santiago de Compostela, co obxecto de percorrer o casco antigo da capital. A iniciativa atraeu a moitos asistentes, quen conducidos por un guía turístico, tiveron oportunidade de achegarse á historia dos monumentos da capital compostelana.

Ao día seguinte, sábado, a actividade-estrela foi a visita a Lugo, na que participaron unhas corenta persoas. A saída produciuse pola mañá cedo xa que ás 11.00 horas estaba prevista unha recepción oficial no Concello da capital lucense. Alí, o presidente da Diputación de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro, o secretario de Comunicación da Xunta de Galicia, Fernando Salgado, xunto con Margarita Ledo, Miguel Túniz e Teresa Quiroz, en representación de FELAFACS, pronunciaron unhas palabras. Seguidamente, iniciouse unha visita guiada pola cidade, con parada nas soadas murallas. Os asistentes tiveron ademais ocasión de visitar o mazo de Santa Comba, símbolo da Reserva da Biosfera Terras do Miño, coñecendo así como se traballaba na antiga ferreiría.

O regreso produciuse a media tarde, “clausurando” deste xeito o programa de excursións, concertos e actividades de lecer, que contribuíron a que os visitantes coñecesen algo máis do patrimonio cultural e histórico de Galicia.